



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación do padrón da taxa polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño 2022

APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía nº 627/2022 de data 13 de setembro de 2022, aprobouse o padrón de suxeitos pasivos da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2022.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ao público durante o prazo de 15 días hábiles dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas.

A cobranza das taxas aprobadas verificarase na forma e prazos previstos no artigo 10.3 da respectiva Ordenanza Reguladora da taxa.

Contra a presente notificación poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o órgano que ditou o acto. Transcorrido o prazo máximo dun mes dende a interposición do recurso sen que recaese unha resolución expresa, o recurso considerarase desestimado quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso administrativo correspondente.

Arzúa, a 13 de setembro de 2022

Alcalde-presidente do Concello de Arzúa

José Luis García López

2022/5744